



ARQUITECTURA
INDIANA
TOMIÑO

A pegada das Américas



Localización

Coordenadas 41.993999, -8.695505

Tipo de ben: vivenda

Concello: Tomiño

Parroquia: Amorín

Lugar: Carregal de Arriba

Cronoloxía: 1914

Construtor: descoñecido

Promotor: Fermín Álvarez Camiña e Elvira Carreiro Gómez

Propiedade: privada

Uso actual: deshabitada

Estado de conservación: malo

Comentario e descrición

Vivenda unifamiliar de planta rectangular con cuberta a cinco augas con reminiscencias do estilo pintoresco. No fronte presenta dúas ventás e dúas portas na parte inferior, sobre as que se abre un balcón na superior pechado cunha reixa de barrotes limitados por dúas cenefas con motivos orgánicos e as iniciais «F» e «A». Baixo cuberta ábrense pequenos óculos en tres das fachadas. Estas están recibadas e pintadas de branco con reforzos de pedra nas esquinas e vans. Portas e ventás foron substituídas por unhas recentes de aluminio.

Sitúase na beira da estrada e na parte posterior e nun dos laterais conta con dependencias anexas.

O propietario orixinal emigrou a Arxentina.

Referencias bibliográficas

- Bores Garamundi, Fernando: Casas de indianos. Pontevedra, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2009.
- Martínez Pousa, Cristal: Arquitectura e os Indianos en A Guarda, O Rosal e Tomiño: Proposta de catalogación, 2009. (Non publicada).

FICHA DE CATALOGACIÓN
Nº inventario: AMO-01

Tomiño
CONCELLO

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA